



Margaret Hamilton

BRAVXS

Margaret Hamilton (1937)

Comezou os seus estudos na Universidade de Michigan onde se licenciou en Matemáticas (con Diplomatura en Filosofía) en 1958. Sufriu un parón na súa carreira por axudar a súa parella a rematar os seus estudos, pero inmediatamente empezou a traballar no Departamento de Meteoroloxía do Instituto Tecnolóxico de Massachusetts (MIT), onde aprendeu varias linguaxes de programación por si mesma.

Ela foi a encargada de deseñar o software de varios ordenadores para predicir o tempo e buscar avións «non-amigos». Posteriormente, liderou o deseño do software que facía funcionar o Apolo 13, e evitou o fracaso da misión, pois antes de aluar, a nave tivo un fallo que ela evitou: «Se o ordenador non se deseñase para recuperar erros, dubido que o Apolo aterrase na Lúa». De forma moi inxusta, nun dos maiores fitos do século XX, a chegada do ser humano á Lúa, invisibilizouse a participación das mulleres nesta fazaña (efecto Matilda), pese a que foron moitas as que fixeron posible a carreira espacial.

Tamén traballou para animar as nenas e as mozas a estudar carreiras científico-técnicas: «Unha non debería ter medo a dicir “non o sei” ou “non o entendo”, ou incluso de facer “preguntas tontas”. Ningunha pregunta é tonta. Aínda que as cousas poidan parecer imposibles e che digan que é..., imposible, aínda que haxa que seguir o camiño soa, non hai que ter medo a estar equivocada, a admitir erros; aquelas que saiban fallar de forma estrepitosa son as que poden conseguir cousas grandiosas». Ademais, foi ela a que acuñou por primeira vez o termo «enxeñaría de software», pese ás burlas machistas de moitos dos seus compañeiros da NASA. Hoxe, a enxeñaría de software é unha rama da ciencia e ela, a primeira enxeñeira de software da historia da humanidade.

Ilustración: Marta Riera / marta@matariera.com